

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 31 DE OUTUBRO DE 2022

1. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: 2022/00048339R.

Aprobación de acta de sesión anterior.

Apróbase a acta correspondente á sesión ordinaria de data 24 de outubro de 2022.

2. LICENZAS DE OBRA. Referencia: LIC/1166/2020.

Licenza para obras de reforma de aparcamento soterrado PARKING SAN CLEMENTE na Rúa San Clemente, 1A.

Acórdase:

Primeiro: **CONCEDER** a ACVIL APARCAMIENTOS SLU, licenza de OBRAS DE REFORMA de aparcamento soterrado-PARKING SAN CLEMENTE na RÚA SAN CLEMENTE 1A -, segundo Proxecto básico e de execución co visado colexial de 19/04/2022.

As actuacións consistirán en OBRAS DE REFORMA DO PARKING SAN CLEMENTE para adaptalo a normativa de accesibilidade A edificación está situada en solo clasificado como urbano no PXOM vixente e cualificado como dotación, no ámbito da UI-7 do PE-1.

3. LICENZAS DE APERTURA. Referencia: 2022/00005875C.

Licenza de obra nova para construción de nave destinada a almacén na R/Comunidade Valenciana, 2.

Acórdase **CONCEDER** a HOGOMAR 2000 SL, licenza de OBRA NOVA para construción de nave industrial destinada a almacén de produtos de alimentación na RUA COMUNIDADE VALENCIANA, 2, do Polígono da Sionlla, achegando Proxecto básico, co visado colexial de data 01.02.2022, cun orzamento de execución material de 524.955,00 €, baixo a dirección do proxectista.

As actuacións consistirán construción de nave industrial de tres plantas para desenvolver unha actividade de almacenamento de produtos alimentación, cunha ocupación en planta de 1963,44 m², superficie construída de 2.324,80 m² e altura máxima de 12 metros.

A edificación está situada en solo clasificado como urbano no PXOM vixente e cualificado coa Ordenanza 3 Edificación Semiadosada Variante 3C do Proxecto sectorial da Sionlla.

4. LICENZAS DE APERTURA. Referencia: LAP/95/2017.

Licenza de obras de rehabilitación para hotel na Rúa Gómez Ulla, 7.

Acórdase **CONCEDER** a HOTEL BARRAMEDA, 2008, S.L licenza de OBRAS DE REHABILITACIÓN de edificación para hotel na RÚA GÓMEZ ULLA, 7-esquina Perez Constanti, segundo Proxecto básico e de execución co visado colexial de data 24/01/2017 e anexo con data de visado de 14/07/2020, cun orzamento de execución material de 534.344,56 €.

As actuacións consistirán rehabilitación integral de edificio de seis plantas (SS+B+3+BC) para un uso hoteleiro, cunha ocupación en planta de 238,65 m², superficie construída de 1.276,93 m² e altura de 14,87 metros A edificación está situada en solo clasificado como urbano no PXOM vixente e cualificado coa ordenanza 2 de quinceiro do PXOM.

5. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: 2022/00048339R.

Declaración de ausencia de conflito de intereses en expediente de contratación/subvencións.

Os membros presentes da Xunta de Goberno Local declaran:

Expediente: 2022/38543ª. Contrato: "Adquisición dun sistema de provisión e protección avanzada do correo electrónico na nube, financiado polo Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia – Financiado pola Unión Europea – NextGenerationEU".

Ao obxecto de garantir a imparcialidade no procedemento de contratación arriba referenciado, os membros da Xunta de Goberno Local, como participantes no proceso de preparación e tramitación do expediente, declaran:

Primeiro. Estar informados do seguinte:

1. Que o artigo 61.3 «Conflito de intereses», do Regulamento (UE, Euratom) 2018/1046 do Parlamento Europeo e do Consello, de 18 de xullo (Regulamento financeiro da UE) establece que «existirá conflito de intereses cando o exercicio imparcial e obxectivo das funcións véxase comprometido por razóns familiares, afectivas, de afinidade política ou nacional, de interese económico ou por calquera motivo directo ou indirecto de interese persoal.»

2. Que o artigo 64 «Loita contra a corrupción e prevención dos conflitos de intereses» da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, ten o fin de evitar calquera distorsión da competencia e garantir a transparencia no procedemento e asegurar a igualdade de trato a todos os candidatos e licitadores.

3. Que o artigo 23 «Abstención», da Lei 40/2015, de 1 outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, establece que deberán absterse de intervir no procedemento «as autoridades e o persoal ao servizo das Administracións en quen se dean algunhas das circunstancias sinaladas no apartado seguinte», sendo estas:

a) Ter interese persoal no asunto de que se trate ou noutro en cuxa resolución puidese influír a daquel; ser administrador de sociedade ou entidade interesada, ou ter cuestión litixiosa pendente con algún interesado.

b) Ter un vínculo matrimonial ou situación de feito asimilable e o parentesco de consanguinidade dentro do cuarto grao ou de afinidade dentro do segundo, con calquera dos interesados, cos administradores de entidades ou sociedades interesadas e tamén cos asesores, representantes legais ou mandatarios que interveñan no procedemento, así como compartir despacho profesional ou estar asociado con estes para o asesoramento, a representación ou o mandato.

c) Ter amizade íntima ou inimidade manifesta con algunha das persoas mencionadas no apartado anterior.

d) Intervir como perito ou como testemuña no procedemento de que se trate.

e) Ter relación de servizo con persoa natural ou xurídica interesada directamente no asunto, ou prestarlle nos dous últimos anos servizos profesionais de calquera tipo e en calquera circunstancia ou lugar».

Segundo. Que non se atopan incursos en ningunha situación que poida cualificarse de conflito de intereses das indicadas no artigo 61.3 do Regulamento Financeiro da UE e que non concorre na súa/s persoa/s ningunha causa de abstención do artigo 23.2 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público que poida afectar o procedemento de licitación/concesión.

Terceiro. Que se comprometen a por en coñecemento do órgano de contratación, sen dilación, calquera situación de conflito de intereses ou causa de abstención que dea ou puidese dar lugar ao devandito escenario.

Cuarto. Coñecen que unha declaración de ausencia de conflito de intereses que se demostre que sexa falsa carrexará as consecuencias disciplinarias, administrativas e/ou xudiciais que estableza a normativa de aplicación.

6. CONTRATACIÓN. Referencia: 2022/00038543A.

Adxudicación de "Adquisición dun sistema de provisión e protección avanzada do correo electrónico na nube, financiado polo Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia – Financiado pola Unión Europea – NextGenerationEU".

Acórdase:

- Adxudicar o contrato que ten por obxecto "Adquisición dun sistema de provisión e protección avanzada do correo electrónico na nube, financiado polo Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia – Financiado pola Unión Europea – NextGenerationEU" á empresa TELEFONICA SOLUCIONES DE INFORMATICA Y COMUNICACIONES DE ESPAÑA, cunha oferta económica de **203.413,55 €** (base impoñible de 168.110,37 € máis IVE do 21% de 35.303,18 €).

-Comprometer un gasto por importe de **203.413,55 €** con cargo á aplicación orzamentaria dos orzamentos municipais do 2022: 030 92001 6410001 (Código de proxecto: 2022 NGINF 11 1).

7. CIRCULACIÓN E SEGURIDADE CIDADÁ. Referencia: Aprobación dos pagos a conta de TRALUSA, de xullo a setembro de 2022.

Validación da omisión da función interventora no expediente de aprobación dos pagos a conta de TRALUSA, de xullo a setembro de 2022.

Acórdase:

Primeiro: Validar a omisión da función interventora en relación a este expediente pola realización do servizo de transporte colectivo urbano de viaxeiros correspondente aos meses de xullo, agosto e setembro de 2022.

Segundo: Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por un importe de un millón, cento cincuenta e tres mil, trescentos oitenta e tres euros, con tres céntimos (1.153.383,03.-), a prol de “Autobuses Urbanos de Lugo y Trap. S.A., UTE Lei 18/1982” (U7003297-4), con imputación orzamentaria á aplicación 060/44110/4790000 do orzamento.

Terceiro: Dispoñer a continuidade das prestacións, para evitar graves prexuízos ó interese público e ata que se adopten as medidas necesarias para evitalos.

8. CONTRATACIÓN. Referencia: Validación omisión función interventora S/2022/235.

Validación omisión función interventora e recoñecemento de débeda das facturas (2) emitidas por “ISS Facility Services, S.A.” en concepto de servizo limpeza ordinaria dos edificios e dependencias municipais correspondentes aos meses de xullo e agosto de 2022.

Acórdase:

Primeiro.- Validar a omisión da función interventora en relación con este expediente.

Segundo.- Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe de CENTO SESENTA E NOVE MIL SETECENTOS OITENTA E CINCO EUROS CON NOVENTA E SEIS CÉNTIMOS (169.785,96 €), segundo relación contable de facturas S/2022/235 que se achega no expediente, e que comeza pola factura número F/2022/3508 por importe de 84.892,98 euros e remata pola factura número F/2022/3957 tamén por importe de 84.892,98 euros, emitidas pola empresa “ISS FACILITY SERVICES, S.A.”

Terceiro.- Dispoñer a continuidade das prestacións, para evitar graves prexuízos ao interese público e ata que se adopten as medidas necesarias para evitar ese prexuízo.

9. CONTRATACIÓN. Referencia: Validación omisión función interventora S/2022/237.

Validación omisión función interventora e recoñecemento de débeda das facturas (3) emitidas por varias empresas en concepto de servizo de mantemento de ascensores nas diferentes dependencias municipais correspondentes ao período de xuño e xullo de 2022.

Acórdase:

Primeiro.- Validar a omisión da función interventora en relación con este expediente.

Segundo.- Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe de SETE MIL NOVENTA E TRES EUROS CON SESENTA E SEIS CÉNTIMOS (7.093,66 €), segundo relación contable de facturas S/2022/237 que se achega no expediente, e que comeza pola factura número F/2022/2784 por importe de 190,15 euros emitida pola empresa ORONA S. COOP., e remata pola número F/2022/3579 por importe de 327,16 euros emitida pola empresa ORONA S. COOP., todas elas en concepto de mantemento de ascensores nas diferentes dependencias municipais correspondentes ao período de xuño e xullo de 2022.

Terceiro.- Dispoñer a continuidade das prestacións, para evitar graves prexuízos ao interese público e ata que se adopten as medidas necesarias para evitar ese prexuízo.

10. CONTRATACIÓN. Referencia: Validación omisión función interventora S/2022/253. Validación omisión función interventora e recoñecemento de débeda da facturas emitidas por “Recambios Santiagueses, S.L.” en concepto de subministración de material de recambios para vehículos do Parque Móbil do Concello de Santiago de Compostela correspondentes ao período de xullo e agosto do ano 2022

Acórdase:

Primeiro.- Validar a omisión da función interventora en relación con este expediente.

Segundo.- Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe de TRES MIL SEISCENTOS SETENTA E NOVE EUROS CON DEZANOVE CÉNTIMOS (3.679,19 €), segundo relación contable de facturas S/2022/253 que se achega no expediente, e que comeza pola factura número F/2022/3793 por importe de 419,69 euros e remata pola factura número F/2022/4245 por importe de 3.259,50 euros, emitidas pola empresa RECAMBIOS SANTIAGUESES, S.L. emitidas pola empresa RECAMBIOS SANTIAGUESES, S.L.

Terceiro.- Dispoñer a continuidade das prestacións, cos efectos do contrato vencido e baixo as mesmas cláusulas, para evitar graves prexuízos ao interese público e ata que se adopten as medidas necesarias para evitar ese prexuízo.

11. CONTRATACIÓN. Referencia: Validación omisión función interventora S/2022/270. Validación omisión función interventora e recoñecemento de débeda das facturas (8) emitidas por varias empresas en concepto de servizos de mantemento do sistema de extintores e alarmas en distintas dependencias municipais correspondentes a varios períodos entre xaneiro e agosto do ano 2022

Acórdase:

Primeiro.- Validar a omisión da función interventora en relación con este expediente.

Segundo.- Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe de SEIS MIL TRESCENTOS TRECE EUROS CON VINTE UN CÉNTIMOS (6.313,21 €), segundo relación contable de facturas S/2022/270 que se achega no expediente, e que comeza pola factura número F/2022/3839 por importe de 204,61 euros, emitida pola empresa SISTEMAS DE SEGURIDAD A-1, S.L., e remata pola factura número F/2022/4043 por importe de 121,10 euros emitida pola empresa SISTEMAS DE SEGURIDAD A-1, S.L.

Terceiro.- Dispoñer a continuidade das prestacións, para evitar graves prexuízos ao interese público e ata que se adopten as medidas necesarias para evitar ese prexuízo.

12. CONTRATACIÓN. Referencia: Validación omisión función interventora S/2022/272. Validación omisión función interventora e recoñecemento de débeda das facturas (3) emitidas por varias empresas en concepto de subministración de gas e gasóleo para as distintas dependencias municipais correspondente ao período de maio e setembro de 2022

Acórdase:

Primeiro.- Validar a omisión da función interventora en relación con este expediente.

Segundo.- Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe de DOUS MIL TRESCENTOS CORENTA E NOVE EUROS CON OITENTA E SETE CÉNTIMOS (2.349,87 €), segundo relación contable de facturas S/2022/272 que se achega no expediente, e que comeza pola factura número F/2022/4118 por un importe de 124,15 euros emitida pola empresa Comercializadora Regulada, Gas & Power, S.A. e remata pola factura número F/2022/4342 por un importe de 140,72 euros emitida pola empresa Gas Natural Comercializadora, S.A.

Terceiro.- Dispoñer a continuidade das prestacións, para evitar graves prexuízos ao interese público e ata que se adopten as medidas necesarias para evitar ese prexuízo.

13. CONTRATACIÓN. Referencia: Validación omisión función interventora S/2022/280. Validación omisión función interventora e recoñecemento de débeda das facturas (4) emitidas por “Neumáticos Pájaro, SL.” en concepto de subministración de pneumáticos para vehículos do Parque Móbil do Concello de Santiago de Compostela correspondente ao período de maio a agosto do ano 2022

Acórdase:

Primeiro.- Validar a omisión da función interventora en relación con este expediente.

Segundo.- Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe de MIL CATROCIENTOS DOUS EUROS CON TRINTA E NOVE CÉNTIMOS (1.402,39 €), segundo relación contable de facturas S/2022/280 que se achega no expediente, e que comeza pola factura número F/2022/2510 por importe de 54,45 euros e remata pola número F/2022/4274 por importe de 1.281,39 euros, expedidas pola empresa NEUMÁTICOS PÁJARO, S.L.

Terceiro.- Dispoñer a continuidade das prestacións, cos efectos do contrato vencido e baixo as mesmas cláusulas, para evitar graves prexuízos ao interese público e ata que se adopten as medidas necesarias para evitar ese prexuízo.

14. CONTRATACIÓN. Referencia: Validación omisión función interventora S/2022/283. Validación omisión función interventora e recoñecemento de débeda das facturas (11) emitidas por varias empresas en concepto de servizo de mantemento de ascensores nas diferentes dependencias municipais correspondentes ao período de xaneiro a setembro de 2022

Acórdase:

Primeiro.- Validar a omisión da función interventora en relación con este expediente.

Segundo.- Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe de SEIS MIL OITOCIENTOS VINTE E CINCO EUROS CON OITENTA E SETE CÉNTIMOS (6.825,87 €), segundo relación contable de facturas S/2022/283 que se achega na factura, e que comeza pola factura número F/2022/3475 por importe de 166,48 euros emitida pola empresa KONE ELEVADORES, S.A. e remata pola número F/2022/4145 por importe de 390,50 euros emitida pola empresa SCHINDLER, S.A.

Terceiro.- Dispoñer a continuidade das prestacións, para evitar graves prexuízos ao interese público e ata que se adopten as medidas necesarias para evitar ese prexuízo.

15. CONTRATACIÓN. Referencia: Validación omisión función interventora S/2022/285. Validación omisión función interventora e recoñecemento de débeda das facturas (15) emitidas pola empresa Sistemas de Seguridade A-1, SL, en concepto de servizos de mantemento de extintores e alarmas en distintas dependencias municipais entre os meses de xaneiro e agosto de 2022.

Acórdase:

Primeiro.- Validar a omisión da función interventora en relación con este expediente.

Segundo.- Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe de DEZAOITO MIL NOVECIENTOS SETENTA E SEIS EUROS CON CINCUENTA E CATRO CÉNTIMOS (18.976,54 €) segundo relación contable de facturas S/2022/285 que se achega no expediente, que comeza pola factura numero F/2022/1660 por importe de 4.172,94 euros, e remata pola factura número F/2022/4047 por importe de 305,28 euros, a favor da empresa SISTEMAS DE SEGURIDADE A-1, S.L.

Terceiro.- Dispoñer a continuidade das prestacións, para evitar graves prexuízos ao interese público e ata que se adopten as medidas necesarias para evitar ese prexuízo.

16. CONTRATACIÓN. Referencia: Validación omisión función interventora F/2022/398. Validación omisión función interventora e recoñecemento de débeda da factura (1) emitida pola empresa Naturgy Iberia S.A. en concepto de subministración de gas e gasóleo para as distintas dependencias municipais correspondente ao período que abrangue desde o 01 de outubro ao 10 de decembro de 2021.

Acórdase:

Primeiro.- Validar a omisión da función interventora en relación con este expediente.

Segundo.- Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe de MIL CATROCIENTOS TRECE EUROS CON NOVENTA E SETE CÉNTIMOS (1.413,97 €), segundo factura F/2022/398 que se achega no expediente, en concepto de subministración de gas e gasóleo en distintas dependencias municipais correspondente ao período que abrangue desde o 01 de outubro ao 10 de decembro de 2021, emitida por Naturgy Iberia S.A. por un importe de 542,24 €.

Terceiro.- Dispoñer a continuidade das prestacións, para evitar graves prexuízos ao interese público e ata que se adopten as medidas necesarias para evitar ese prexuízo.

17. CONTRATACIÓN. Referencia: Validación omisión función interventora F/2022/4621. Validación omisión función interventora e recoñecemento de débeda da factura (1) emitida por "ISS Facility Services, S.A." en concepto de servizo limpeza ordinaria dos edificios e dependencias municipais correspondentes ao mes de setembro de 2022.

Acórdase:

Primeiro.- Validar a omisión da función interventora en relación con este expediente.

Segundo.- Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe de OITENTA E CATRO MIL OITOCIENTOS NOVENTA E DOUS EUROS CON NOVENTA E OITO CÉNTIMOS (84.892,98 €), segundo factura F/2022/4621 que se achega no expediente, en concepto do servizo de limpeza ordinario dos edificios e dependencias municipais correspondente ao mes de setembro de 2022, emitidas pola empresa "ISS FACILITY SERVICES, S.A.

Terceiro.- Dispoñer a continuidade das prestacións, para evitar graves prexuízos ao interese público e ata que se adopten as medidas necesarias para evitar ese prexuízo.

18. DEPORTES. Referencia: 3522/2022 (F/2022/3715).

Validación omisión función interventora e recoñecemento de débeda da factura F/2022/3715 emitida por LACERA SERVICIOS Y MANTENIMIENTO S.A. en concepto de continuidade dos servizos de conserxería e limpeza de varias instalacións deportivas municipais correspondente ao mes de xullo de 2022.

Acórdase:

Primeiro.- Validar a omisión da función interventora en relación a este expediente, polo gasto derivado da continuidade dos servizos de conserxería e limpeza de varias instalacións deportivas municipais correspondente ao mes de xullo de 2022.

Segundo.- Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga de liquidación do gasto por importe de CINCUENTA E CINCO MIL CINCOCENTOS TRINTA E SETE EUROS CON NOVENTA E CATRO CÉNTIMOS (55.537,94 euros) segundo a factura F/2022/3715 que se achega no expediente, e correspondente ao mes de xullo de 2022, a favor da empresa LACERA SERVICIOS Y MANTENIMIENTO S.A. imputándose a súa totalidade á aplicación orzamentaria 090 34200 2279900 do orzamento vixente.

Terceiro.- Dispoñer a continuidade das prestacións, para evitar graves prexuízos ao interese público e ata que se adopten as medidas necesarias para evitar ese prexuízo.

19. DEPORTES. Referencia: 3522/2022 (F/2022/4076).

Validación omisión función interventora e recoñecemento de débeda da factura F/2022/4076 emitida por LACERA SERVICIOS Y MANTENIMIENTO S.A. en concepto de continuidade dos servizos de conserxería e limpeza de varias instalacións deportivas municipais correspondente ao mes de agosto de 2022.

Acórdase:

Primeiro.- Validar a omisión da función interventora en relación a este expediente, polo gasto derivado da continuidade dos servizos de conserxería e limpeza de varias instalacións deportivas municipais correspondente ao mes de agosto de 2022.

Segundo.- Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga de liquidación do gasto por importe de CINCUENTA E CINCO MIL CINCOCENTOS TRINTA E SETE EUROS CON NOVENTA E CATRO CÉNTIMOS (55.537,94 euros) segundo a factura F/2022/4076 que se achega no expediente, e correspondente ao mes de agosto de 2022, a favor da empresa LACERA SERVICIOS Y MANTENIMIENTO S.A. imputándose a súa totalidade á aplicación orzamentaria 090 34200 2279900 do orzamento vixente.

Terceiro.- Dispoñer a continuidade das prestacións, para evitar graves prexuízos ao interese público e ata que se adopten as medidas necesarias para evitar ese prexuízo.

20. DEPORTES. Referencia: 3505 – Fras. xullo-agosto.

Validación omisión función interventora e recoñecemento de débeda das facturas F/2022/3600 e F/2022/4050 (relación contable S/2022/273) emitidas pola mercantil Prezero España S.A.U. (anteriormente Cespa Compañía Española de Servicios Públicos Auxiliares, S.A.), en concepto de servizo de mantemento e conservación dos campos de fútbol municipais e zonas verdes anexas ás instalacións deportivas adscritas á xestión do departamento municipal de deportes, correspondente aos meses de xullo e agosto do ano 2022.

Acórdase:

Primeiro.- Validar a omisión da función interventora en relación con este expediente, polos gastos derivados da continuidade do servizo de mantemento e conservación dos campos de fútbol municipais e zonas verdes anexas ás instalacións deportivas adscritas á xestión do departamento municipal de deportes, correspondente aos meses de marzo e xullo e agosto do ano 2022.

Segundo.- Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe de VINTESEIS MIL CINCOCENTOS VINTEOITO EUROS CON TRINTA E CATRO CÉNTIMOS (26.528,34 euros) considerando a suma das facturas F/2022/3600 e F/2022/4050 (relación contable S/2022/273) a favor da empresa PREZERO ESPAÑA S.A.U., imputándose a súa totalidade á aplicación orzamentaria 090 34200 2120101 do orzamento vixente.

Terceiro.- Dispoñer a continuidade das prestacións, para evitar graves prexuízos ao interese público e ata que se adopten as medidas necesarias para evitar ese prexuízo.

21. ÁREA XI. MODERNIZACIÓN, INNOVACIÓN E CALIDADE DA ADMINISTRACIÓN LOCAL. Referencia: OFI S/2022/113.

Convalidación da omisión da función interventora e recoñecemento de débeda da relación contable S/2022/113 con tres (3) facturas por importe total de 24.746,39 euros emitidas por UTE D TELEFÓNICA DE ESPAÑA SAU TELEFÓNICA MÓVILES ESPAÑA SAU en concepto de servizo cloud, voz fixa e conexións correspondentes ao período de marzo-abril de 2022.

Acórdase:

Primeiro.- Validar a omisión da función interventora en relación con este expediente.

Segundo.- Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos da relación contable de facturas S/2022/113 con TRES (3) facturas por importe de VINTECATRO MIL SETECENTOS CUARENTA E SEIS EUROS CON TRINTA E NOVE CÉNTIMOS (24.746,39€) en concepto de servizo cloud, voz fixa e conexión correspondentes ao período de marzo-abril de 2022

Terceiro.- Dispoñer a continuidade das prestacións, para evitar graves prexuízos ao interese público e ata que se adopten as medidas necesarias para evitar ese prexuízo.

22. ÁREA XI. MODERNIZACIÓN, INNOVACIÓN E CALIDADE DA ADMINISTRACIÓN LOCAL.
Referencia: OFI S/2022/240.

Convalidación omisión función interventora e recoñecemento de débeda da relación contable S/2022/240 con noventa e unha (91) facturas emitidas por varias empresa (Solitium SL, Ricoh España SLU e Xestión Dixital Compostela SLU) por importe conxunto de 11.462,95 euros en concepto de servizos de copiadoras en distintas dependencias municipais, correspondentes a varios períodos comprendidos entre xaneiro e agosto de 2022.

Acórdase:

Primeiro.- Validar a omisión da función interventora en relación con este expediente.

Segundo.- Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos da relación contable de facturas S/2022/240 con noventa e unha (91) facturas por importe de ONCE MIL CATROCIENTOS SESENTA E DOUS EUROS CON NOVENTA E CINCO CÉNTIMOS (11.462,95€) en concepto de servizo de copiadoras en distintas dependencias municipais, correspondentes a varios períodos comprendidos entre xaneiro e agosto de 2022

Terceiro.- Dispoñer a continuidade das prestacións, para evitar graves prexuízos ao interese público e ata que se adopten as medidas necesarias para evitar ese prexuízo

23. ÁREA XI. MODERNIZACIÓN, INNOVACIÓN E CALIDADE DA ADMINISTRACIÓN LOCAL.
Referencia: OFI S/2022/242.

Convalidación da omisión da función interventora e recoñecemento de débeda da relación contable S/2022/242 con once (11) facturas por importe total de 47.629,75 euros emitidas por UTE D TELEFÓNICA DE ESPAÑA SAU TELEFÓNICA MÓVILES ESPAÑA SAU en concepto de servizo corporativo de telecomunicacións (telefonía fixa, telefonía móbil, comunicacións de datos e servizos adicionais) correspondentes a varios períodos entre xaneiro e agosto de 2022.

Acórdase:

Primeiro.- Validar a omisión da función interventora en relación con este expediente.

Segundo.- Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos da relación contable de facturas S/2022/240 con noventa e unha (91) facturas por importe de ONCE MIL CATROCIENTOS SESENTA E DOUS EUROS CON NOVENTA E CINCO CÉNTIMOS (11.462,95€) en concepto de servizo de copiadoras en distintas dependencias municipais, correspondentes a varios períodos comprendidos entre xaneiro e agosto de 2022

Terceiro.- Dispoñer a continuidade das prestacións, para evitar graves prexuízos ao interese público e ata que se adopten as medidas necesarias para evitar ese prexuízo.

24. ÁREA XI. MODERNIZACIÓN, INNOVACIÓN E CALIDADE DA ADMINISTRACIÓN LOCAL.
Referencia: OFI S/2022/261.

Convalidación omisión función interventora e recoñecemento de débeda da relación contable S/2022/261 con dúas (2) facturas por importe total de 8.764,54 euros emitidas por ACUNTIA SA en concepto de servizo de operación de mantemento da rede de datos do Concello de Santiago de Compostela correspondentes aos meses de abril e xullo de 2022.

Acórdase:

Primeiro.- Validar a omisión da función interventora en relación con este expediente.

Segundo.- Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos da relación contable de facturas S/2022/261 con dúas (2) facturas por importe de OITO MIL SETECENTOS SESENTA E CATRO EUROS CON CINCUENTA E CATRO CÉNTIMOS (8.764,54€) en concepto de servizo de operación de mantemento da rede de datos do Concello de Santiago de Compostela correspondentes aos meses de abril e xullo de 2022

Terceiro.- Dispoñer a continuidade das prestacións, para evitar graves prexuízos ao interese público e ata que se adopten as medidas necesarias para evitar ese prexuízo.

25. ÁREA XI. MODERNIZACIÓN, INNOVACIÓN E CALIDADE DA ADMINISTRACIÓN LOCAL.
Referencia: OFI S/2022/267.

Convalidación da omisión da función interventora e recoñecemento de débeda da relación contable S/2022/267 con catro (4) facturas por importe total de 7.912,56 euros emitidas por UTE D TELEFÓNICA DE ESPAÑA SAU TELEFÓNICA MÓVILES ESPAÑA SAU en concepto de servizo de telefonía CLOUD, Plan Corporativo, tarifa única e extensións fixas e móbiles, correspondentes a varios periodos entre febreiro e xullo de 2022.

Acórdase:

Primeiro.- Validar a omisión da función interventora en relación con este expediente.

Segundo.- Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos da relación contable de facturas S/2022/267 con catro (4) facturas por importe de SETE MIL NOVECENTOS DOCE EUROS CON CINCUENTA E SEIS CÉNTIMOS (7.912,56€) en concepto de servizo cloud, voz fixa e conexións correspondentes a varios periodos entre febreiro e xullo de 2022.

Terceiro.- Dispoñer a continuidade das prestacións, para evitar graves prexuízos ao interese público e ata que se adopten as medidas necesarias para evitar ese prexuízo.

26. ÁREA XI. MODERNIZACIÓN, INNOVACIÓN E CALIDADE DA ADMINISTRACIÓN LOCAL.
Referencia: OFI 1290/2022.

Convalidación omisión función interventora e recoñecemento de débeda da factura F/2022/3219 emitida por ACUNTIA SA por importe de 4.382,27 euros en concepto de servizo de operación de mantemento da rede de datos do concello de Santiago de Compostela correspondente ao mes de maio do ano 2022.

Acórdase:

Primeiro.- Validar a omisión da función interventora en relación con este expediente.

Segundo.- Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe de CATRO MIL TRESCENTOS OITENTA E DOUS EUROS CON VINTESETE CÉNTIMOS (4.382,27€) correspondentes á factura número F/2022/3219, en concepto de servizo de operación de mantemento da rede de datos do concello de Santiago de Compostela correspondente ao mes de maio do ano 2022.

Terceiro.- Dispoñer a continuidade das prestacións, para evitar graves prexuízos ao interese público e ata que se adopten as medidas necesarias para evitar ese prexuízo.

27. SERVIZOS BÁSICOS. Referencia: OFI S/2022/245 ALUMEADO.

Convalidación Omisión función interventora. S/2022/245. Alumeado público. Ferroviaლ servicios enerxéticos SL.

Acórdase:

1. Validar a omisión da función interventora en relación a este expediente, polos gastos derivados dos servizos de mantemento do alumeado público, instalacións eléctricas dos locais municipais e instalación de alumeado ornamentais dos monumentos do concello de Santiago de Compostela correspondente aos meses de Xaneiro, Febreiro, Abril, Maio e Xuño de 2022.

2. Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe total de 386.442,30 euros, correspondentes ás facturas da relación contable S/2022/145, números F/2022/4020, F/2022/4023, F/2022/4027, F/2022/4031, F/2022/4032, por importe de 77.288,46 euros cada unha, expedidas por FERROVIAL SERVICIOS ENERGÉTICOS SL correspondentes aos meses de xaneiro, febreiro, abril, maio e xuño de 2022.

3. Importe total da prestación realizada: 386.442,30 euros, que se imputarán á aplicación orzamentaria 020 16500 2270900.

28. EDUCACIÓN. Referencia: S/2022/243 EIM VARIOS PERÍODOS ENTRE MAIO E AGOSTO 2022.

Convalidación de gastos por omisión da función interventora das facturas emitidas por “Servicios y Materiales, S.A. (SERMASA)” en concepto de relación de seis (6) facturas polo servizo de xestión das escolas infantís municipais de Meixonfrío-Salgueiriños, Conxo e Fontiñas correspondete a varios períodos entre maio e agosto de 2022.

Acórdase:

Primeiro.- Validar a omisión da función interventora en relación con este expediente.

Segundo.- Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe de CENTO NOVENTA E DOUS MIL CENTO TRINTA E SEIS EUROS CON CORENTA CÉNTIMOS (192.136,40 €), segundo a relación contable S/2022/243 que comeza pola número F/2022/2374 por importe de 33.389,52 euros e finaliza pola número F/2022/3963 por importe de 29.824,16 euros, en concepto de relación de seis (6) facturas polo servizo de xestión das escolas infantís municipais de Meixonfrío- Salgueiriños, Conxo e Fontiñas correspondente a varios períodos entre maio e agosto de 2022, e que se achega no expediente.

29. PARQUES E XARDÍNS. Referencia: 2022/00043518X.

Aprobación proxecto básico e de execución “Parque infantil na Almaciga”.

Apróbase o proxecto básico e de execución de data 26/09/2022 da obra de “Parque infantil na Almaciga”, de agosto de 2022, que ten as seguintes características:

☑ Orzamento das obras: 70.885,80 € + 14.886,02 € de IVE (21%) = **85.771,82 €.**

☑ Prazo de execución: 3 meses.

☑ Clasificación do contratista: non se esixe.

Clasificación supletoria aos efectos de acreditar a solvencia técnica e económica: grupo G / subgrupo 6 / categoría 1.

O obxecto do proxecto básico e de execución é o acondicionamento da parcela situada na contorna natural das hortas urbanas do parque do Monte dá Almaciga, entre o colexio Apóstolo Santiago e a Rúa de Teo, para crear un espazo de xogos e de estar nesta contorna axardinada, entre o arboredo existente, facendo un espazo accesible que conte cunha iluminación apropiada. Un dos obxectivos principais para o deseño deste espazo, é poder integralo dunha forma natural nunha contorna axardinada, vinculado ás hortas urbanas da Almaciga, e coa presenza ao norte do Parque do Monte dá Almaciga e do Parque de Bonaval ao S-O.

O proxecto pénsase tamén como espazo de convivencia e relación entre o colexio, o centro cívico e as hortas

30. COMERCIO. Referencia: 2022/00039900A.

Dar conta da sinatura do convenio entre o Concello de Santiago e Abanca Corporación Bancaria S.A para a entrega e distribución dos fondos das axudas do programa de dinamización e incentivación do consumo no comercio e hostalería do municipio de Santiago, a través dos Bonos Corazón Compostela 2022.

Acórdase:

Primeiro: Tomar conta da sinatura do convenio de colaboración entre o Concello de Santiago e Abanca Corporación Bancaria S.A para a entrega e distribución dos fondos das axudas do programa de dinamización e incentivación do consumo no comercio e hostalería do municipio de Santiago, a través dos bonos Corazón Compostela 2022.

Segundo: Comprometer o gasto, por importe de 28.831,72 euros, con cargo á aplicación 010 43100 2269900, a favor de Abanca Corporación Bancaria S.A pola súa consideración de entidade colaboradora designada para a entrega e distribución dos fondos das axudas do programa de dinamización e incentivación do consumo no comercio e hostalería do municipio de Santiago, a través dos bonos Corazón Compostela 2022.

31. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2022/00047688V.

Dación de conta de sentenza recaída no PA 183/2022 CA2.

Dase conta da sentenza.

Demandante: Vulcanizados Bandatec SL

Obxecto: sanción de 1.200€ por non identificar condutor infractor.

A sentenza é favorable para o Concello, non recorrible en apelación.

Alegaba a demandante que a resolución impugnada vulneraba os principios de presunción de inocencia e responsabilidade persoal, xa que ao non notificarse correctamente as resolucións dos expedientes (primeiro, o requirimento de identificación do condutor; e segundo, en defecto do anterior, a sanción por falta de colaboración), aquela non puido exercer os dereitos de defensa.

O xulgado, na liña exposta polo Concello, considera que ambos expedientes foron correctamente tramitados, polo que desestima o recurso, con imposición de custas á demandante. Contra esta resolución non cabe interpoñer recurso de apelación.

Acórdase:

1. Tomar coñecemento da sentenza.
2. Remitir ao Servizo de Tráfico para o seu coñecemento.

32. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2022/00047161L.

Dar conta da sentenza núm. 324/2022 recaída no Procedemento Abreviado 280/2022 CA1.

Dase conta da sentenza 324/2022 do 28.09.2022. Procedemento abreviado 280/2022 CA 1

Obxecto: Impago de factura por impartición de curso de formación. Contía: 600 euros

A sentenza é desfavorable aos intereses municipais pois estima o recurso e recoñece o dereito do actor a percibir a cantidade de 600 euros e os intereses aos que se refire o artigo 7.2 da Lei 3/2004, do 29 de decembro. Contra sentenza non cabe recurso ningún.

Acórdase:

1. Tomar coñecemento da resolución xudicial
2. Remitir ao Departamento de Persoal para os efectos da súa execución, tendo en conta que o presente informe non é preceptivo, nin constitúe un requisito previo para levar a efecto a dita execución polo órgano competente unha vez sexa notificada a firmeza da sentenza (Informe AX/115/2022).

33. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2022/00047993T.

Dar conta da sentenza referente ao PO 445/2022 do CA 2.

Dase conta da sentenza 146/2022, do 12.04.2022, do Xulgado Contencioso-administrativo nº 2 de Santiago de Compostela. Procedemento: PO 445/2021

Demandante: ALVITE, ALVITE E MÍGUEZ, C.B.

Obxecto: Decreto nº 2021/9408, da Concelleira Delegada de Urbanismo, Vivenda, Cidade Histórica e Acción Cultural, do 6.10.2021, polo que se declara a ineficacia da comunicación previa de inicio de actividade presentada por ALVITE, ALVITE E MÍGUEZ CB para vivenda de uso turístico nos andares 1, 2 e 3 na RÚA ALTAMIRA, 2-.

A resolución é FAVORABLE aos intereses municipais, ao desestimar integramente a demanda.

A sentenza considera que o cuestión xurídica controvertida, relativa a se o uso de vivenda de uso turístico debe ter a consideración de residencial ou hoteleiro xa foi resolto pola STSX de Galicia do 8.04.20200 (rec. 4029/2022), con base na cal debe entenderse que "*...las viviendas de uso turístico, como la de la demandante, no pueden asimilarse a un alojamiento temporal de uso residencial, que son las afectadas por la anulación parcial del PE-1 da Cidade Histórica, sino a un uso hotelero, como así se refleja en la Sentencia del TSJ de Galicia antes referida, por lo que precisan habilitación municipal, de lo que se desprende que la resolución impugnada es ajustada a derecho.*"

En consecuencia, o recurso contencioso-administrativo resulta desestimado. A sentenza deveu firme ao non interpoñerse pola parte demandante recurso de apelación, polo que non cabe recurso.

Acórdase:

1. Tomar coñecemento da resolución xudicial

2. Remitir á Dirección de Área de Urbanismo para os efectos da súa execución, aos efectos oportunos.

34. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2022/00047158Q.

Dación de conta do auto recaído no procedemento PA 301/2021 CA1.

Dase conta da resolución do auto 113/2022. Procedemento: Procedemento Abreviado 301/2022

Obxecto: Legalización de almacén agrícola

O auto á favorable para o Concello xa que declara arquivado o recurso contencioso interposto ao non ter subsanado a recorrente dentro do prazo concedido o defecto advertido no seu escrito do 19.05.2022. O auto é susceptible de recurso de reposición.

Acórdase

1. Tomar coñecemento da resolución xudicial
2. Remitir ao Departamento de licenzas-disciplina para os efectos do seu coñecemento.

35. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: 2022/00048339R.

Dar conta das resolucións da alcaldía e das concellerías delegadas.

Tómase coñecemento das resolucións da alcaldía e das concellerías delegadas de datas 21 ao 27 de outubro de 2022.

URXENCIAS

36. CONTRATACIÓN. Referencia: 2022/00033256Y

Adxudicación “Obras de reforzo de estruturas na rúa dos Concheiros nº 10, 12, 16 e 18”.

Acórdase:

Primeiro: Adxudicar o contrato que ten por obxecto as *obras de reforzo de estruturas na rúa dos Concheiros nº 10, 12, 16 e 18*, á empresa 2000 JOSCON CONSTRUCCIONES SL por un importe total de **92.565,00 €** (Base imponible de 76.500,00 € máis IVE do 21% polo importe de 16.065,00 €), por ser a súa oferta a máis vantaxosa das presentadas.

Así mesmo comprométese a:

- Ampliar o prazo de garantía por 5 anos a maiores do mínimo obrigatorio esixido no PCAP.
- Incrementar o orzamento de control de calidade nun 2% a maiores do mínimo obrigatorio que figura nos pregos.
- Incrementar o orzamento do programa de actuación das medidas de control ambiental sobre o proxectado nun 2%.

Segundo: Comprometer un gasto por importe de 92.565,00 € con cargo á aplicación orzamentaria 040 15321 6190000 (Código de proxecto: 2022 2 VIASU 14 1) dos orzamentos municipais do ano 2022.

37. CONTRATACIÓN. Referencia: 2022/00012788P

Prestación do servizo de redacción de proxecto básico e de execución e dirección facultativa das obras do Centro Integral para a Inclusión Social, cofinanciada polo FEDER , dentro do programa operativo FEDER plurirrexional de España 2014-2020 nunha operación vinculada á EDUSI - REVIVE COMPOSTELA.

Acórdase:

Primeiro: Adxudicar o contrato que ten por obxecto a “*Prestación do servizo de redacción de proxecto básico e de execución e dirección facultativa das obras do Centro Integral para a Inclusión Social, cofinanciada polo FEDER , dentro do programa operativo FEDER plurirrexional de España 2014-2020 nunha operación vinculada á EDUSI - REVIVE COMPOSTELA*” á empresa ARQUITAV ARQUITECTOS SLP cunha oferta económica de 105.629,00 € (base imponible de 87.296,70 € máis IVE do 21% de 18.332,30 €).

Segundo: comprometer un gasto por importe de **105.629,00 €** con cargo á aplicación orzamentaria dos orzamentos municipais do 2022: **030 23100 6320000** (Código de proxecto: **2017 3 EDUSI 3 1**).

38. EDUCACIÓN. Referencia: 2022/00035434E

Acórdase tomar coñecemento da sinatura do Convenio de colaboración entre o Concello de Santiago de Compostela da Asociación Solidariedade Galega co Pobo Saharaui para o desenvolvemento do proxecto de acollemento familiar temporal “Vacacións en Paz 2022”.

39. CONTRATACIÓN. Referencia: 2021/00045326M.

Propónse a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobar o expediente **denominado** “Servizo de mantemento das instalacións de protección contra incendios dos edificios e locais municipais”, e a apertura do procedemento de adxudicación mediante procedemento aberto simplificado, establecéndose un orzamento máximo de licitación: 37.835,85 € (**S/IVE**), 7.945,53 € (**IVE 21%**) e 45.781,38 € (**C/IVE**).

Segundo.- Aprobar o gasto correspondente a este contrato por importe de 45.781,38 euros que se financiará con cargo á aplicación orzamentaria 030 92000 2130003 co seguinte desagregación: 9.537,79 € (2022), 22.890,69 € (2023) e 13.352,90 € (2024). Total: 45.781,38 €.